

*Orde do...de...de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan polo procedemento anticipado de gasto axudas, en réxime de concorrència competitiva, para as entidades privadas sen ánimo de lucro co fin de realizar programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2026 (código de procedemento SA462B).*

De conformidade co Decreto 144/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, correspóndenlle a esta as competencias en materia de Sanidade, de acordo co Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados pola Constitución española.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo, foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e está adscrito á Consellería de Sanidade. A estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde regúlase no Decreto 145/2024, de 20 de maio, e os seus fins e funcións regúlanse no capítulo I do título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e da súa Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, ocúpanse da programación, coordinación e xestión de accións e medidas dirixidas a reducir a demanda do consumo de drogas, a facilitar a prestación de servizos asistenciais e a promover a incorporación social de pacientes drogodependentes. Así mesmo, a dita subdirección é o órgano encargado de asesorar, coordinar e supervisar as directrices e accións que, respecto da materia obxecto da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, se desenvolvan no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre outros, ten o obxectivo xeral de colaborar e cooperar con institucións públicas e privadas nas distintas vertentes da problemática das drogodependencias e de desenvolver, xestionar e coordinar os programas asistenciais e de incorporación social do consumo de drogas en Galicia. Asumirá as funcións asistenciais que se lle asignan ao Comisionado do Plan de Galicia sobre drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre drogas, así como colaborar na implantación e seguimento de programas de reinserción de pacientes drogodependentes que se leven a cabo na Comunidade Autónoma.

A actual rede de asistencia de drogodependencias, que forma parte da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, segundo a Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, colabora con asociacións sen ánimo de lucro que están a desenvolver programas de incorporación social. Estas entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas,deberán estar inscritas no rexistro creado polo Decreto

74/2002, do 28 de febreiro, polo que se crea o Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas e se regula o procedemento para a súa declaración de interese, modificado polo Decreto 58/2005, do 24 de febreiro.

Por todo o exposto, conforme ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de acordo coas facultades que me atribúen os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios ao fin para o que foron establecidos,

#### ACORDO:

##### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para as entidades privadas sen ánimo de lucro, co fin de realizar programas de incorporación social desenvolvidos en vivendas durante o ano 2026, segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social destinados a persoas afectadas por distintos tipos de adiccións, que estean participando nun programa terapéutico de rehabilitación nas unidades de atención a drogodependencias incluídas no Circuito de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia.

A súa finalidade é apoiar ás persoas que seguen un tratamento de deshabitación de trastornos adictivos para facilitar a súa incorporación social e promover unha vida autónoma en ámbito residencial.

Habílitase na sede electrónica da Xunta de Galicia o código SA462B para este procedemento administrativo.

##### Artigo 2. *Requisitos das entidades beneficiarias*

1. Para ser beneficiaria das axudas publicadas nesta orde deberán acreditarse os seguintes requisitos:

a) Ser unha entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre drogas creado polo Decreto 74/2002, do 28 de febreiro.





b) Ser titular ou responsable dunha vivenda de apoio á incorporación social de pacientes estabilizados/as nas unidades asistenciais de drogodependencias.

Este recurso deberá estar aberto todos os días do ano, sen excepción.

c) Acreditar o desenvolvemento de programas de incorporación social dirixidos ao colectivo de persoas drogodependentes durante o ano anterior á anualidade desta convocatoria, para o que se achegará a memoria de actividade do ano. A dita memoria deberá axustarse ao indicado no artigo 8 punto c) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.

d) Axustarse ao establecido pola Orde do 25 de xaneiro de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, para os centros de acollida e inclusión que desenvolven programas de apoio social a procesos terapéuticos e estar inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), regulado na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

e) Estar autorizada, desde un ano antes á presente convocatoria, polo servizo correspondente da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, como centro de acollida-apoio social a procesos terapéuticos.

f) Dispoñer dunha sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia ou, de ser o caso, contar con domicilio social nela e comprometerse a desenvolver as actividades subvencionadas en vivendas próximas á poboación onde exista unidade asistencial de drogodependencias.

2. As entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas que lles sexan esixibles de acordo co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Todos os requisitos deberán acreditarse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

### Artigo 3. *Normas de acceso das persoas usuarias aos programas*

1. A entidade responsable do programa destinará este recurso a pacientes en tratamento e seguimento nas unidades de atención a drogodependencias incluídas no Circuito de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia que requiran dun programa de incorporación social con apoio residencial. Para poder acceder ao recurso achegárase un informe de derivación asinado pola persoa titular da dirección da unidade asistencial de referencia da persoa interesada, no que conste que esta se encontra nunha situación de





estabilidade clínica que permite a súa adscrición á vivenda, e as circunstancias socioeconómicas e familiares que determinan a necesidade deste recurso.

As persoas usuarias poderán presentar calquera tipo de adicción e deberán atoparse incluídas en programas libres de drogas ou en programas de substitución con opiáceos.

2. As persoas usuarias serán maiores de 18 anos e o acceso ao recurso será voluntario.

3. O programa ofertarase de xeito prioritario cando non exista un apoio sociofamiliar axeitado ou concorran situacións de vulnerabilidade.

4. Co obxecto de optimizar os recursos de apoio, as entidades poderán establecer unha achega económica por parte das persoas usuarias, priorizando o acceso daquelas con menos recursos, sen que ningunha persoa poida ser rexeitada por non dispoñer de recursos económicos.

A achega económica por parte das persoas usuarias non superará o 75% dos seus ingresos líquidos, quedando excluídas do cómputo as gratificacións extraordinarias. O criterio seguido pola entidade para o establecemento desta achega deberá constar no regulamento de réxime interior do centro e, en todo caso, estarán exentas da devandita achega as persoas usuarias con outras persoas ao seu cargo.

5. No suposto de establecer as achegas mencionadas no numero anterior, a entidade beneficiaria da subvención deberá comunicalo á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde e á unidade administrativa competente na autorización e inspección de servizos sociais dependente da Consellería de Política Social e Igualdade, facendo constar o seu importe.

#### Artigo 4. *Programas subvencionables*

1. Enténdese por programa o conxunto de actividades ordenadas e dirixidas a unha poboación definida, empregando os recursos necesarios durante un período determinado e coa finalidade de acadar uns obxectivos concretos.

2. Serán subvencionables os programas de incorporación social destinados a persoas afectadas por distintos tipos de adicción que estean participando nun programa terapéutico de rehabilitación dun trastorno adictivo nas unidades de atención a drogodependencias incluídas no Circuito de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia, que instrumenten accións cuxa finalidade sexa conseguir a normalización na vida cotiá da comunidade de persoas facilmente vulnerables desde o punto de vista social.





3. O programa e actividades, deberán ter un carácter integral e estar deseñados como un proceso continuado, iniciándose cun diagnóstico global e establecendo un proceso de incorporación social. A orientación corresponderá inicialmente ao ámbito sanitario, que deberá avaliar a situación global da persoa co fin de propoñer as alternativas máis axeitadas.

4. As entidades beneficiarias só poderán ter dereito á subvención dun programa por vivenda.

5. Cada entidade poderá acadar a subvención para un máximo de 3 programas ou vivendas.

#### Artigo 5. *Gastos subvencionables*

1. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpran as seguintes características:

a) Que correspondan exclusivamente aos xerados na realización do programa de apoio social aos procesos terapéuticos.

b) Que se efectúen desde o 1 de decembro do ano 2025 ata o 30 de novembro do 2026 e sexan efectivamente pagados ata o 30 de novembro do 2026. Exceptuaranse deste prazo aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior, por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas consideraranse xustificadas coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no cal se reflecta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación, e queda obrigada a entidade subvencionada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, esta presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

c) Que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada, e resulten estritamente necesarios.

d) Que teñan a seguinte natureza:

1º Gastos de persoal: o custo total abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social correspondentes á empresa. Soamente serán subvencionables os gastos do persoal que figure relacionado na memoria da solicitude do programa, e soamente serán subvencionables na porcentaxe imputada que se corresponda co número de horas dedicadas ao programa indicados na antedita memoria, excepto que por necesidades debidamente xustificadas sexa necesario modificar esta. Calquera modificación deberá ser comunicada nun prazo máximo de trinta (30) días desde o momento no que se produza. No caso contrario





non se aceptará o gasto.

Polo que respecta tanto ao persoal laboral da entidade como ao que estea en réxime de arrendamento de servizos, incluídos os complementos de contía fixa e carácter habitual, será subvencionable o custo total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social correspondentes á entidade.

O importe das subvencións destinadas a financiar as retribucións imputables á execución dos programas, estará limitado polas contías determinadas para os diferentes grupos de cotización á Seguridade Social que se detallan nos convenios colectivos de aplicación en cada caso.

Para xornadas inferiores á xornada completa realizarase o cálculo proporcional.

2º Gastos correntes: ata un máximo do 30 % da contía concedida.

a. Gastos correntes de mantemento da vivenda na que se desenvolve o programa.

Os gastos de alugamento, así como os correntes de subministracións (auga, luz..) non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade do programa subvencionado. No caso contrario, soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

b. Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado pola Resolución do 24 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón de servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3 % do importe total subvencionable do programa, agás que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe. O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	77,78 €
MANUTENCIÓN	44,09 €





No caso do quilometraxe, observarase o disposto na Orde HFP/792/2023, do 12 de xullo, pola que se revisa a contía das axudas de custo e asignacións para gastos de locomoción no Imposto sobre a renda das persoas físicas, que indica no seu artigo único que será de 0,26 euros o quilómetro.

c. Gastos de xestión e administración directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro do correspondente programa, incluídos os custos xerais de estrutura necesarios e indispensables para a súa axeitada preparación ou execución. Poderán imputarse os derivados de auditorías externas sobre a xestión do/dos programa/s por parte da entidade.

d. Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro do correspondente programa.

e. Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

2. Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de integrantes das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

3. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionabilidade dos gastos resolveráase a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades solicitantes.

#### Artigo 6. *Subcontratación*

1. Enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto desta subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Aplicarase o que dispoñen os artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A prestación das actividades que se desenvolvan ao abeiro desta orde será levada a cabo polas persoas profesionais que integran o equipo técnico dos diversos dispositivos das





entidades beneficiarias, que serán as responsables da xestión dos programas obxecto de subvención a nivel técnico e administrativo.

Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades que se vaian desenvolver ou das necesidades das persoas beneficiarias sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 50% da actividade.

En ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

### *Artigo 7. Imputación orzamentaria, réxime de compatibilidades e contía*

1. A presente orde de subvencións tramítase como expediente anticipado de gasto, de acordo co establecido no artigo 1.1. da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, toda vez que existe crédito axeitado e suficiente no Proxecto dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 17 de outubro de 2025.

2. Para o financiamento destas axudas está previsto un crédito de douscentos sesenta e nove mil seiscentos sesenta e cinco euros (269.665€) con cargo á aplicación 5001.413A.481.21 e código de proxecto 20140027, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, e quedan as resolucións no momento da súa concesión condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria sinalada.

3. O crédito previsto no número anterior deste artigo poderá ser ampliado nos supostos e coas condicións previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso, o incremento de crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia da concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no citado artigo ou da dispoñibilidade de fondos procedentes do Estado. Cando proceda, será necesario aprobar a oportuna modificación orzamentaria. Nestes supostos, o órgano concedente das subvencións terá que publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que esta publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Neste caso, a contía máxima establecida como subvencionable para cada programa incrementarase de xeito proporcional á puntuación total obtida. A nova contía de cada programa calcularase tendo en conta o total de puntos obtidos polos programas subvencionados e o importe no que se incremente o crédito da subvención, determinando un valor por punto.





4. O procedemento de aprobación de gasto axustarase ao disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 24 do Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

5. As axudas que se concedan ao abeiro desta orde serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

6. A axuda máxima a financiar por cada programa é de 67.416,25 euros, sen prexuízo do indicado no número 2 deste artigo.

Non obstante, o importe das subvencións outorgadas nesta orde non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas desta ou doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, ou das achegas das persoas usuarias, de ser o caso, supere o custo das actividades que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

En todo caso, a obtención doutras axudas para o programa subvencionado deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental no momento da súa concesión.

#### Artigo 8. *Forma e lugar de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O dito prazo deberá computarse de conformidade co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.





3. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras da presente orde.

#### Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) A documentación que acredite a representación legal da entidade asinada electronicamente.

b) A copia da escritura de constitución.

c) Os estatutos da entidade solicitante.

d) A documentación acreditativa da capacidade técnica da entidade solicitante asinada electronicamente.

e) O balance ou xustificación dos ingresos e gastos da entidade referidos ao exercicio económico do ano 2025, asinado electronicamente.

f) O certificado ou calquera outra documentación oficial acreditativa da implantación e mantemento de sistemas de calidade normalizados, no caso de que o posúan.

g) A copia do regulamento de réxime interno do centro visado polo Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Política Social e Igualdade.

h) A acreditación de tratarse dunha entidade de utilidade pública, no caso de que así sexa.

i) O anexo IV de comprobación de datos das persoas responsables ou colaboradoras do programa debidamente cuberto e asinado.

j) A información técnica do programa segundo o anexo II.

k) A memoria técnica do programa segundo o anexo III.

l) A documentación acreditativa de formación específica en terapias de rehabilitación en sustancias adictivas do responsable do proxecto e do resto do persoal que participe no programa.

m) Protocolo de actuación en caso de intoxicación por substancias psicotrópicas asinado



electronicamente.

n) Protocolo de prevención do suicidio asinado electronicamente.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola entidade interesada ante calquera Administración. Neste caso, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recompilados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á entidade interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que sexa realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Calquera cambio que se produza nos datos contidos na documentación que se achegue coa solicitude, deberá comunicárselle á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, que



poderá demandar da entidade solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente.

#### Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) O NIF da entidade solicitante.
- b) O DNI/NIE da persoa representante da entidade que solicita a subvención.
- c) A titulación oficial universitaria e/ou oficial non universitaria da persoa titular da dirección responsable e das persoas profesionais que desenvolven o programa social de apoio aos procesos terapéuticos de rehabilitación de distintas adiccións.
- d) O certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.
- e) O certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria do Estado.
- f) O certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- g) A consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- h) A consulta de concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo nos recadros correspondentes habilitados no formulario (anexo I e anexo IV) e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da entidade interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar tras a





presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 12. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 13. *Procedemento, instrución e Comisión de Valoración*

1. O procedemento de concesión das subvencións será o de concorrencia competitiva.

2. O órgano instrutor do procedemento será a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

3. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, coas concrecións que se establecen nos puntos seguintes.

4. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano instrutor examinará a documentación presentada. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación obrigatoria que debe presentarse conteña erros ou sexa insuficiente, requiriránelles por escrito ás entidades interesadas os datos, documentos e aclaracións que se consideren necesarios para completar o expediente, con indicación de que, se así non o fixeren nun prazo de dez días hábiles, se considerará que desistiron da súa solicitude, logo da resolución que así o declare, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. Durante a instrución do procedemento, constituirase como órgano colexiado unha comisión de valoración que, de acordo cos criterios establecidos no artigo 14, avaliará os proxectos solicitantes e emitirá o correspondente informe coa valoración acadada por cada proxecto presentado.

Esta comisión terá a seguinte composición:





a) A persoa titular da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, que exercerá a presidencia. De ser o caso, será substituída pola persoa titular da Subdirección Xeral de Integración Asistencial e Innovación. No caso de empate, a persoa que ostente a presidencia terá voto de calidade.

b) A persoa que desempeñe a xefatura do Servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave. Se é o caso, será substituída pola persoa que desempeñe a xefatura do Servizo de Integración Asistencial e Innovación.

c) Dúas persoas de entre o persoal técnico do Servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave, das cales unha asumirá a secretaría. De ser o caso, serán substituídas por persoal técnico do Servizo de Integración Asistencial e Innovación.

A comisión de valoración poderá solicitar a presenza dunha persoa representante da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, da Consellería de Política Social e Igualdade, que teña o rango mínimo de titular dunha xefatura de servizo, para os efectos de asesoramento e coordinación naqueles aspectos que se refiran ao desenvolvemento e integración social levados a cabo polas entidades solicitantes.

Na composición da Comisión de Valoración procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

6. Unha vez avaliadas as solicitudes e emitido o informe da Comisión de Valoración, esta comunicarllo ao órgano instrutor, que formulará a proposta de resolución e que a elevará ao órgano competente para resolver.

#### Artigo 14. *Criterios de valoración das solicitudes*

##### 1. Primeira fase de valoración:

a) Calidade do programa (máximo 12 puntos). O mínimo esixido para este criterio será de 6 puntos, polo que as solicitudes que non acaden esta puntuación mínima non pasarán á seguinte fase de valoración.

Para cuantificar a calidade do programa presentado valoraranse preferentemente os seguintes aspectos:

1º. Metodoloxía empregada: descrición pormenorizada das fases do programa e dos criterios de alta: máximo 2 puntos.





2º Obxectivos xerais e específicos: máximo 2 puntos.

3º Inclusión de alternativas ocupacionais e/ou formativas específicas: máximo 1 punto.

4º Inclusión de alternativas ocupacionais e/ou formativas específicas destinadas a persoas con adicións emerxentes: máximo 0,5 puntos.

5º Criterios de inclusión e exclusión no procedemento de acceso á vivenda: máximo 1 punto.

6º. Dedicación e cualificación das persoas traballadoras implicadas na atención directa en relación aos obxectivos propios destes programas: máximo 1 punto.

7º. Desenvolvemento das actividades realizadas no programa para o fomento de adquisición de habilidades sociais e da utilización dos recursos normalizados e externos á entidade: máximo 2 puntos.

8º. Consecución de obxectivos: valorarase a porcentaxe de persoas usuarias que acadasen os obxectivos no ano previo, segundo as memorias achegadas no artigo 2 punto c) desta orde: máximo 1,5 puntos.

Porcentaxe de persoas usuarias que acadan o obxectivo	Puntos
≥25%- <50%	0,5
≥50%- <75%	1
≥75%	1,5

9º Indicadores de proceso e resultado de acordo cos obxectivos definidos. Enténdese por indicador de proceso aquel que permita avaliar a realización dunha actividade independentemente do resultado e, por indicador de resultado, o que avalía o grao en que a actividade acadou os obxectivos propostos: máximo 1 punto.

b) Traxectoria da entidade solicitante: máximo 8 puntos.

1º. Valorarase cun punto cada ano en que a entidade obtivese algunha axuda de entidades públicas da Comunidade Autónoma galega, nacionais ou europeas, en materia de actuación en drogodependencias e que a dita axuda fose debidamente xustificada pola entidade perceptora, ata un máximo de 6 puntos.

2º Calidade na xestión da entidade: valorarase con 1 punto as entidades que contén con





certificados de calidade en vigor con base na norma ONG con calidade, ISO 9001: 2015, EFQM ou outros sistemas de calidade que garantan o control de procesos e programas: máximo 1 punto.

3º Declaración de utilidade pública da entidade debidamente acreditada: máximo 1 punto.

Pasarán á segunda fase de valoración, as solicitudes que cumpran o mínimo establecido para cada un dos criterios, o que suporá obter un mínimo de puntuación nesta primeira fase de 6 puntos.

A puntuación obtida acumularase á que se obteña na segunda fase.

## 2. Segunda fase de valoración:

a) Grao da consolidación na prestación do servizo: 3 puntos por cada ano en que a entidade obtivera axuda específica de entidades públicas da Comunidade Autónoma galega, nacionais ou europeas, para o desenvolvemento de programas de incorporación social destas persoas en vivendas específicas. Valorarase ata un máximo de 12 puntos, sempre que xustificase as actividades realizadas e a consecución dos obxectivos do programa.

b) Funcionamento da vivenda (máximo 10 puntos):

1º. Ámbito territorial da vivenda: provincial: 1 punto. autonómico: 2 puntos.

2º. Presenza física de persoal polas noites na vivenda: 2 puntos.

3º Presenza física de persoal as fins de semana na vivenda: 2 puntos.

4º Concreción e regulación do procedemento de acceso á vivenda: máximo 2 puntos.

5º Regulamento interno da vivenda. Valorarase a claridade das normas e obrigas, así como das posibles sancións polo seu incumprimento. Así mesmo, valorarase a claridade na determinación das achegas económicas que, no seu caso, fagan as persoas usuarias: máximo 1,5 puntos.

6º Ocupación media da vivenda no ano 2025: máximo 0,5 puntos.

c) Participación de institucións non públicas no financiamento das ditas vivendas no ano 2025 por importe igual ou superior a 1.000 euros, ata un máximo de 5 puntos. 1 punto por cada axuda de institución non pública debidamente acreditada.





d) Contribución da actividade á discriminación positiva da muller: 1 punto. Valorarase a existencia de programas específicos de mulleres atendendo as discriminacións múltiples que atentan contra a igualdade das persoas nos termos previstos no Título II do Capítulo XI e artigos concordantes da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

3. Como resultado da aplicación dos criterios de valoración obterase unha relación ordenada das solicitudes que cumpren as condicións administrativas e técnicas establecidas para adquirir a condición de entidade beneficiaria, con indicación da puntuación outorgada en cada unha das fases.

4. As axudas adxudicaranse aos 4 programas que obteñan as puntuacións máis altas, ordenados de maior a menor puntuación, cada un dos cales obterá un importe de 67.416,25 euros.

5. A Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental poderá realizar os axustes que xulgue adecuados sobre calquera dos elementos integrantes do programa, sempre orientados a garantir a súa factibilidade, eficiencia e o respecto aos principios éticos aplicables.

6. Se a entidade beneficiaria renuncia á axuda destinada a algún dos programas e, como consecuencia do límite orzamentario establecido quedan programas sen recibir axuda, esta adxudicarase ao seguinte programa que figure na prelación resultante da aplicación dos criterios recollidos neste artigo.

7. Se de acordo coa valoración realizada dúas ou máis entidades obteñen unha puntuación igual e, por razóns de insuficiencia de crédito dispoñible ou superación do límite máximo do número de axudas, non poden recibirlas todas elas, terán preferencia para a obtención da condición de beneficiarias, aquelas que:

a) Contén cunha maior puntuación na primeira fase de valoración.

b) Contén no seu cadro de persoal con persoas traballadoras con discapacidade. No caso de que esta epígrafe sexa cumprida por máis dunha entidade, terá preferencia para a obtención da condición de beneficiaria aquela ou aquelas entidades que contén cunha maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade no seu cadro de persoal, sempre e cando esta circunstancia sexa debidamente acreditada.

c) Usen a lingua galega no desenvolvemento das actividades.

## Artigo 15. *Resolución*



1. Correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade e da presidencia do Servizo Galego de Saúde resolver o procedemento.
2. As resolucións serán motivadas e seranlles notificadas ás entidades interesadas no prazo máximo de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. De non mediar resolución expresa no citado prazo, as entidades interesadas poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

#### Artigo 16. *Notificación*

1. A resolución deberá serlle notificada ás entidades beneficiarias de forma individualizada, de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
2. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
4. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear de oficio o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
5. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
6. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, realizarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



## Artigo 17. *Modificación da resolución*

1. De acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, segundo o previsto no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, unha vez ditada a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido, tendo en conta as seguintes regras:

a) A modificación deberá respectar a actuación subvencionada e non dará lugar á execución deficiente e/ou incompleta.

b) A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para realizar a actividade e a esta xuntarse:

1º. A memoria xustificativa.

2º. A relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

3º. O orzamento modificado, se é o caso.

c) Poderase autorizar sempre que non afecte a dereitos de terceiras persoas.

d) Non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

e) Cando implique modificación do importe total concedido, tramitarase conxuntamente coa do expediente de gasto.

3. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Consellería de Sanidade por proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, logo da correspondente tramitación e, se é o caso, con audiencia da entidade interesada.

4. Cando a entidade beneficiaria da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non afecten esencialmente á natureza ou os obxectivos da subvención, e que puideran ter dado lugar á





modificación da resolución ao se omitir o trámite de autorización administrativa previa, o órgano concedente poderá aceptar a xustificación presentada, sempre que tal aceptación non afecte a dereitos de terceiras persoas.

Esta aceptación polo órgano concedente non exime á entidade beneficiaria das sancións que poidan corresponderlle de conformidade coa citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. A administración poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia de erro material, de feito ou aritmético.

#### Artigo 18. *Recursos*

As resolucións que se diten ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderá recorrerse potestativamente en reposición, ante a persoa titular da presidencia do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación, se o acto é expreso, e sen non o é, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da data de notificación, se o acto é expreso, ou seis meses se non o é, contado desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que legalmente proceda.

#### Artigo 19. *Xustificación e pagamento*

1. Os pagamentos realizaranse de acordo co procedemento de aprobación do gasto e pagamento recollido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e faranse efectivos do seguinte xeito:

a) Anticipos: realizarase un pagamento en concepto de anticipo pola contía prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro no momento da resolución da subvención.

b) Xustificacións parciais: poderanse realizar pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva, de carácter voluntario, segundo o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe conxunto dos pagamentos á conta non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada.

De acordo co artigo 65.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagos á conta quedan exonerados da constitución de garantía.



A data límite e improrrogable para presentación da documentación xustificativa dos pagamentos parciais será o 5 de novembro de 2026.

c) Xustificacións finais: haberá unha xustificación final que terá carácter obrigatorio e realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións da subvención, nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A porcentaxe da subvención anual que reste por pagar tras a realización dos pagamentos parciais, de ser o caso, non se fará efectiva ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes ás actividades do programa para a anualidade, é dicir, o 100% do importe orzamentado na solicitude, sen prexuízo das posibles modificacións segundo o artigo 17, incluíndo, se é o caso, o importe do/s pagamento/s á conta e o pagamento anticipado.

A xustificación final deberá presentarse con data límite e improrrogable do 1 de decembro de 2026.

2. As xustificacións tanto parciais coma finais deberán incluír:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento segundo o anexo V. .

Esta relación deberá ir acompañada da documentación prevista no artigo 20 desta orde.

Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade do programa subvencionado con estas axudas, indicarse a contía exacta daquel que resulte afectado por el.

O anexo deberá ser asinado, en todo caso, pola persoa que teña a representación legal da entidade.

b) Certificación expedida pola persoa que teña atribuídas as funcións de secretaría ou a persoa representante da entidade onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto desta subvención e que foron debidamente aboados segundo o anexo VI.

3. Ademais, no caso da xustificación final, deberase presentar tamén:





a) Declaración das actividades realizadas e financiadas do programa obxecto da subvención, indicando o custo repercutido para a entidade.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo programa, das distintas administracións públicas e non públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

4. Considéranse gastos subvencionables os recollidos no artigo 5.

A documentación xustificativa dos gastos presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, e dirixírase á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Con anterioridade ao 15 de febreiro de 2027, presentárase unha memoria dos programas realizados e financiados coa presente subvención ao longo do ano 2026, que deberá contar coas epígrafes que se indican no anexo VIII.

#### Artigo 20. *Documentación complementaria dos xustificantes de gasto*

Na conta xustificativa que a entidade beneficiaria presente debe constar, ademais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente que figuren na conta xustificativa, a seguinte documentación segundo o tipo de gasto do que se trate:

a) Gastos correntes:

1º) Gastos de persoal: deberá achegarse, xunto coas nóminas correspondentes e os seus xustificantes bancarios de pagamento:

- TC1: recibo de liquidación de cotizacións de cada mes do que se imputen nóminas.

-TC2: relación nominal de persoas traballadoras de cada mes do que se imputen nóminas.

-Xustificante de pagamento mensual da Seguridade Social e modelo 111 trimestral xunto cos seus xustificantes de pagamento, sen prexuízo do indicado no artigo 5.1.b).

No caso das pagas extraordinarias poderase imputar a parte proporcional dos meses e horas imputadas desas nóminas ás actividades do programa.

2º) Gastos de viaxe: deberán ir acompañadas de certificación do/da presidente/a en que se especifique quen realizou a viaxe e a necesidade do desprazamento dentro dos fins do



proxecto, así como achegar todos os xustificantes de recepción e billetes do medio empregado.

3º) Gastos de alugamento: ademais da factura e do xustificante bancario de pagamento, deberá achegarse:

-Copia do contrato de alugamento.

-Modelos 180 e 115 de rendementos procedentes do alugamento ou subalugamento de inmobles urbanos, xunto co seu correspondente xustificante bancario de pagamento.

4º) Gastos de arrendamento de servizos:

- Copia do contrato en que deberá reflectirse a categoría profesional, o período de prestación de servizos e as horas de intervención no programa.

- Certificado da persoa representante legal da entidade en que se aclaren as razóns excepcionais polas cales o programa non se pode desenvolver mediante persoal propio.

- Factura que inclúa:

Nome, apelidos e NIF da persoa traballadora, data e período de liquidación.

Retención por IRPF.

IVE aplicado, se procede.

-Impresos 111 e 190 de ingresos por retencións de IRPF e xustificante bancario de pagamento que debe mostrar en que data se fixo o cargo na conta.

- Copia do modelo 036 de declaración censual de alta.

5º) Gastos derivados da realización de auditoría de contas :

Contrato no que figuren os honorarios e horas estimadas.

Factura e documento acreditativo de pagamentos.

6º) Nos gastos derivados da calidade dos programas:

- Se o proceso se efectúa por persoal da propia entidade, os mesmos documentos esixidos



para o persoal con contrato laboral. Imputaranse entón á partida de persoal.

- Se o proceso o efectúa unha empresa:
- Contrato no que figuren as horas estimadas e honorarios.
- Facturas e documentos acreditativos de pagamento.

b) Nos casos de subcontratación doutras empresas:

- Declaración responsable da persoa representante legal da entidade subcontratada de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 21. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias das axudas terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o programa e realizar as actividades que fundamentan a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade determinante da concesión da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente para verificar o cumprimento do fin para o que se destina a subvención, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
- e) As entidades beneficiarias e os/as terceiros/as relacionados co obxecto da subvención ou coa súa xustificación estarán obrigados/as a prestar colaboración e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro.
- f) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo





Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental.

g) Manter debidamente actualizados todos aqueles rexistros que sexan precisos para remitirlos á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, de acordo coa periodicidade que se lle sinale, a información relativa á actividade das persoas usuarias, facendo constar o número de admisións e intervencións, as actividades realizadas nos dispositivos da asociación, unha relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, se é o caso, rexeitadas, con indicación da razón do rexeitamento.

h) Comunicarlle á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal. Os gastos derivados destas variacións nos cadros de persoal soamente serán considerandos subvencionables desde a data da comunicación efectiva, e non terán, en ningún caso, carácter retroactivo.

i) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos.

j) Coordinarse coas unidades asistenciais da rede do Plan de Galicia sobre drogas.

k) Coordinarse con outros centros, servizos e programas recollidos dentro do Plan de trastornos adictivos de Galicia, co fin de asegurar a súa programación homoxénea.

l) Participar naquelas actividades divulgativas e informativas que a Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental organice, coa finalidade de optimizar a coordinación entre os diferentes dispositivos.

m) Contar con protocolos específicos de actuación ante intoxicacións por substancias e risco de suicidio.

n) Someter á consideración técnica da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental calquera programa ou intervención que, non estando recollido dentro do documento que establece os instrumentos de planificación en materia de incorporación social de trastornos adictivos, vaia pór en marcha o equipo técnico responsable do desenvolvemento do programa.

Para tal fin, a dirección técnica deste equipo presentará unha descrición do programa que se vai desenvolver e fará constar, como mínimo, a denominación do programa, a xustificación da actuación, a metodoloxía para a súa realización, así como unha previsión para o seu desenvolvemento programático: obxectivos xerais e específicos, poboación destinataria, difusión prevista, recursos humanos e materiais, mecanismos de coordinación, detalle de





actividades, cronograma, orzamento e avaliación prevista.

o) Axustarse ás disposicións recollidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e ás instrucións que o Servizo Galego de Saúde puidese facer nesta materia.

p) Engadir en todos os documentos e accións de difusión e información do programa subvencionado o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, en consonancia coa obriga de publicidade do carácter público do financiamento do programa. Segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a entidade beneficiaria deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento do programa subvencionado, nos termos regulamentariamente establecidos. En concreto, deberán manter no espazo adicado á realización das actividades, de xeito visible, un cartel coa lenda "Proxecto cofinanciado" acompañado do logotipo da Xunta de Galicia e do Servizo Galego de Saúde.

q) Remitir antes do día 5 de cada mes, a ocupación da vivenda, segundo anexo VII.

Non deberá achegarse informe de derivación, que será consultado de oficio.

Xunto coa ocupación, deberá achegarse declaración responsable de non ter persoas ao seu cargo asinada polas persoas a tratamento que realizan achega económica, declaración responsable dos ingresos da persoa que realiza o pagamento da achega (xa sexa a propia persoa usuaria ou un familiar) e xustificación das transferencias bancarias efectuadas como pagamento destas.

r) Cubrir o cadro de indicadores de actividade, que remitirá á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental con periodicidade anual.

s) No caso das subvencións de importe superior a 30.000 €, deberá acreditarse que se cumpriu o requisito regulado nos artigos 13, apartados 3.b e 4, e 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na redacción dada pola Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas.

## Artigo 22. *Revogación e reintegro*

1. No caso de producirse algunha das causas establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no establecido no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, procederase á revogación da subvención e ao reintegro, se é o caso, da subvención percibida e dos xuros de demora correspondentes.



2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

### Artigo 23. *Infraccións e sancións*

En canto ao réxime de infraccións e sancións, será de aplicación o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento.

### Artigo 24. *Publicidade*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, do programa e crédito orzamentario a que se imputen, entidade beneficiaria, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos Nacional de Subvencións a información requirida por esta, todo iso nos termos establecidos no Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

### Disposición derradeira primeira. *Remisión normativa*

Nos aspectos non contidos nesta orde, aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e, supletoriamente, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

### Disposición derradeira segunda. *Habilitación*

A persoa titular da Consellería de Sanidade e da presidencia do Servizo Galego de Saúde ditará as disposicións necesarias para aplicar o disposto nesta orde.

### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,



O Conselleiro de Sanidade,

Antonio Gómez Caamaño

